

## Anexo I

### Normas básicas do persoal colaborador de atención e apoio ao alumnado:

- Manterase en todo momento o respecto entre todos os usuarios do comedor escolar.
- O persoal colaborador encargarase do coidado e a atención do alumnado, apoiando as actividades establecidas e os acordos adoptados.
- O persoal colaborador coordinará as entradas e saídas do alumnado do comedor segundo as instrucións recibidas polas direccións dos centros educativos.
- O persoal colaborador non pasará a zona de cociña.
- Cando alguén do persoal colaborador deba **deixar** a súa función por causas xustificadas, deberá comunicalo ante a dirección do centro correspondente con 5 días de antelación.
- As faltas de asistencia do persoal colaborador deben ser xustificadas. **O incumprimento desta condición será causa válida para que o Consello Escolar do centro correspondente de por rematada a colaboración (Decreto 132/2013; artigo 9, punto 3).**
- O Consello Escolar de cada centro educativo, establecerá as correspondentes quendas de colaboración.
- O persoal colaborador debe atender ao tempo de lecer anterior e /ou posterior ao servizo de comedor ata a saída do transporte escolar, segundo o estableza a dirección de cada centro educativo.
- As persoas colaboradoras comunicarán, cando sexa preciso, calquera comportamento inadecuado do alumnado ao profesorado colaborador ou persoa responsable da garda, control e disciplina de cada centro, verbalmente ou por escrito, no modelo de impreso que se lles facilitará.
- O Protocolo de Comedor Escolar está á disposición da comunidade educativa en cada un dos centros usuarios do comedor, no propio comedor escolar e na páxina web do IES O Mosteirón.
- O persoal colaborador debe comprometerse a coñecer e cumprir o Protocolo de Comedor Escolar, así como a realizar as súas tarefas co responsabilidade e actitude positiva.

#### 1. En caso de **ACCIDENTE** as pautas a seguir son:

- accidente leve: Atenderase ao alumno/a e darase aviso á persoa responsable de comedor do centro correspondente que actuará segundo as NOFC establecidas no mesmo.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

**Instituto de Educación Secundaria  
O MOSTEIRÓN**

Rúa A Esperela s/n  
15168 Mosteirón - Sada (A Coruña)  
Tlfno.: 881880949  
*ies.mosteiron@edu.xunta.gal*

- accidente grave: Chamarase ao 112 na maior brevidade e seguiranse a súas instrucións. Darase aviso ao responsable de comedor mais próximo (responsable de comedor de calquera dos centros ou encargada), que adoptará as medidas oportunas.
  
- Recórdase que a colaboración é voluntaria.

Mosteirón, 14 de setembro de 2023

Recibín as normas básicas de colaboración do comedor escolar e comprométome a cumprilas, así como a coñecer e cumprir o Protocolo de Comedor Escolar.

<b>Persoal colaborador</b>	<b>DNI</b>	<b>Sinatura</b>

Mosteirón, 10 de setembro de 2020

**Este Anexo I foi presentado e aprobado no Consello Escolar do IES O Mosteirón, celebrado o 13 de setembro de 2016, en incluído dentro do Protocolo de comedor escolar.**

**Modificado no CE do IES O Mosteirón, celebrado o 12 de setembro de 2017.**

**Modificado no CE do IES O Mosteirón, celebrado o 11 de setembro de 2018.**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Rúa A Esperela s/n  
15168 Mosteirón - Sada (A Coruña)  
Tlfno.: 881880949  
*ies.mosteiron@edu.xunta.gal*

**Instituto de Educación Secundaria  
O MOSTEIRÓN**

**Modificado no CE do IES O Mosteirón, celebrado o 12 de setembro de 2019.**

**Modificado no CE do IES O Mosteirón, celebrado o 8 de outubro de 2020.**

**Revisado no CE do IES O Mosteirón, celebrado o 13 de setembro de 2021.**

**Revisado no CE do IES O Mosteirón, celebrado o 14 de setembro de 2023.**